

Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril, e se convocan para o ano 2009.

Ao abeiro do disposto no artigo 148.1º.11 da Constitución, en virtude do establecido no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma ten competencia exclusiva en materia de caza.

O Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, en relación co Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, atribúenlle á citada consellería dentro das súas competencias, o fomento, a ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos.

O xabaril mantén unha poboación abundante na xeografía galega. A súa presenza nos nosos montes non só é un expoñente da nosa rica biodiversidade senón, ademais, un elemento destacado no equilibrio biolóxico do medio en que se desenvolve. As súas necesidades alimenticias entran ás veces en conflito cos intereses dos nosos agricultores, que sofren a voracidade e a forma de alimentarse desta especie. Por outra parte, o xabaril ten unha gran capacidade para se desprazar, polo que resulta moi difícil poder establecer a súa procedencia e o responsable último dos danos. Por iso, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para conciliar o interese pola convivencia da especie cos dos agricultores, pon en marcha unha liña de axudas, de carácter compensatorio, para reparar os danos ocasionados sobre a agricultura de Galicia.

Con esta liña de axudas preténdese atender un grave problema social para os agricultores, desgustados polos danos que lles causa o xabaril nos seus cultivos agrícolas. Dada a nula estatística dos danos que a especie ocasiona no campo galego, fai falta ser prudente á hora de acometer a liña de axuda e tratar de conseguir que esta chegue a todos os que teñan dereito sen que se poidan producir desviacións indesexables.

O réxime xeral das axudas e subvencións nesta Administración pública establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a normativa principal está representada polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña á citada lei. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

Nos próximos exercicios estas axudas financiaranse con cargo ás consignacións orzamentarias que, mediante disposición complementaria, se determine anualmente de acordo co contido da Lei de orzamen-

tos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio. Para este ano o devandito importe recóllese no artigo 9º.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía, e no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Ámbito, obxecto, finalidade e principios.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas de carácter compensatorio a favor dos afectados polos danos causados nos seus cultivos agrícolas polo xabaril.

2. Estas axudas tramitaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderanse acoller a estas axudas os agricultores profesionais que sufrisen danos nos seus cultivos por causa do xabaril. Neste sentido, segundo o disposto no artigo 2.5º da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, enténdese por agricultor profesional a persoa física que, sendo titular dunha explotación agraria, polo menos o 50% da súa renda total a obteña de actividades agrarias ou complementarias, sempre e cando a parte da renda procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación, non sexa inferior ao 25% da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.

Tamén se poderán acoller as sociedades agrarias de transformación (SAT) e as cooperativas de explotación comunitarias de terras.

2. O expediente de axudas será único e comprenderá todos os danos producidos polo xabaril a un mesmo beneficiario antes da colleita.

3. Non poderán ter a condición de beneficiarios das axudas previstas nesta orde as persoas ou entidades en que se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Ámbito temporal.

As axudas a que se refire esta orde comprenden os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas desde o 1 de outubro de 2008 ata o 30 de setembro de 2009.

Artigo 4º.-Comunicación do dano.

1. Os titulares dos cultivos afectados deberán dar coñecemento á Consellería de Medio Ambiente e

Desenvolvemento Sostible, nun prazo máximo de sete días, á produción do dano, por calquera dos seguintes medios:

a) Mediante unha chamada ao teléfono 900 186 186, a través do cal se lles facilitará unha clave, que servirá para acreditar a formulación da denuncia e identificala univocamente.

b) Mediante o servizo de denuncia pola internet de danos do xabaril en cultivos, que se pode atopar na páxina web <https://www.xunta.es:444/caza/>. O usuario deberá identificarse previamente a través do seu CIF/NIF, pasando a cubrir entón o correspondente formulario de denuncia. O proceso finalizará facilitando unha clave que servirá para acreditar a formulación da denuncia e identificala univocamente. O sistema unicamente permitirá emitir unha denuncia por CIF/NIF e día.

2. A Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible dará traslado dos feitos ao titular do terreo cinexético que puiden resultar afectado.

3. Os agricultores que sufrisen algún dano durante a campaña deberán comunicar directamente á delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, cunha antelación mínima de quince días, o seu propósito de iniciar a colleita, de modo que quede constancia da data de comunicación da recolla, co fin de posibilitar que persoal desta consellería se desprace ata o lugar dos feitos para facer unha valoración final. Unha vez realizada a valoración, xa se poderá proceder a iniciar a colleita. No caso de danos en pradarías artificiais con máis dun aproveitamento, as comunicacións (ata un máximo de dúas) deberanse facer coa mesma antelación ás cortas.

4. O persoal da consellería comprobará sobre o terreo a entidade dos danos e emitirá informe que remitirá ao correspondente Servizo Provincial de Conservación da Natureza.

Artigo 5º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes deberán formalizarse no prazo dun mes desde que se faga a comunicación de anuncio da última colleita, citada no punto 3 do artigo 4º, mediante instancia dirixida ao conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, segundo o modelo formalizado que se recolle no anexo II desta orde.

Presentaranse, preferentemente, nos rexistros das delegacións provinciais desta consellería ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Aquelas solicitudes formalizadas con data posterior ao 1 de outubro de 2008, referentes a danos acaecidos entre o 1 de xaneiro e o 1 de outubro de 2008, tramitaranse con cargo á convocatoria de 2009.

3. Non obstante, para os danos producidos entre o 1 de outubro e a entrada en vigor desta orde, a solicitude de axuda tramitarase a partir da entrada en vigor dela, aínda que a comunicación do inicio da colleita se fará do modo indicado no artigo 4º.3 para o efecto da valoración dos danos antes da recolección.

Dado que a cobertura dos danos amparados por esta orde so é ata o 30 de setembro de 2009, os danos producidos desa o 1 de outubro de 2009 ata a entrada en vigor da orde do próximo ano, de ser o caso terán que se axustar ao procedemento establecido nos parágrafos anteriores deste artigo.

As comunicacións de danos a partir do 1 de outubro só darán dereito a axudas no caso de que se tramite a orde para os danos do xabaril do ano próximo.

4. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

a) Só en caso de non estar inscrito no Rexistro de Explotacións Prioritarias, acreditación da condición de agricultor (neste caso, para acreditar a condición de agricultor profesional haberá que demostrar que obtén, polo menos, o 50 % da súa renda total das actividades agrarias ou das complementarias sinaladas no punto 5º do artigo 2 do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, de mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias. Así mesmo, a acreditación efectuarase mediante fotocopia cotexada da declaración do IRPF do último exercicio –ou, de ser o caso, certificación da Axencia Tributaria de non ter a obriga de declarar– do que finalizase o prazo para a súa presentación en período voluntario, ou coa media das rendas fiscalmente declaradas, como tales por el, durante tres dos últimos cinco anos, incluíndo o último exercicio, exceptuando do cómputo os incrementos e diminucións patrimoniais).

b) Fotocopia do NIF/CIF do titular.

c) Ficha para a transferencia bancaria no modelo que se xunta como anexo III a esta orde.

d) Se o titular for unha persoa xurídica, acordo do órgano competente desta polo que se aprobou a solicitude desta axuda.

e) Cando se actúe en nome doutra persoa, deberase acreditar a representación con que se actúa.

f) Declaración do conxunto das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin das distintas administracións públicas no modelo que se xunta como anexo IV a esta orde.

g) Declaración do título xurídico que posúe para a utilización do terreo en que se produciron os danos.

5. Dado o carácter compensatorio das axudas, non será necesario acreditar estar ao día nas débedas tributarias coa Seguridade Social e non ter débedas coa Facenda autonómica, de acordo co disposto no artigo 48.1º ñ) da Lei 16/2008, do 23 de decembro,

de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Artigo 6º.-Importe das axudas.

O importe das axudas calcularase segundo a valoración dos cultivos que se establece no anexo I desta orde. Establécese como importe máximo o de 1.500 € por ano e beneficiario para as axudas a que se refire esta orde. No caso de que os danos excedan 1.500 €, o agricultor terá dereito á axuda máxima, é dicir, 1.500 €.

Artigo 7º.-Tramitación.

1. Recibidas as solicitudes nas delegacións provinciais, os servizos provinciais de Conservación da Natureza examinarán xunto coa documentación anexa.

2. Se a solicitude de axuda non reúne algún dos exixidos nesta orde, o servizo provincial requirirá o solicitante para que, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao de recepción do requirimento, emende a falta ou remita os documentos preceptivos, indicándolle que, de non o facer, se terá por desistido da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os referidos servizos provinciais avaliarán, dentro dos seus ámbitos territoriais, os expedientes de solicitude de axudas. Para tal fin, levarán a cabo as funcións de organización, control e coordinación das unidades encargadas da comprobación dos danos.

4. Examinadas as solicitudes e a documentación presentadas, e efectuada a correspondente valoración, os devanditos servizos provinciais elaborarán a oportuna proposta, que elevarán á Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas para que esta continúe coa súa tramitación.

5. Na semana seguinte á recepción das propostas, a Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas da Dirección Xeral de Conservación da Natureza tramitará os expedientes relativos ás devanditas propostas, ata esgotar o crédito consignado para o efecto.

6. Unha vez esgotado o crédito, poderase realizar a oportuna modificación orzamentaria para dotar a aplicación orzamentaria do crédito necesario para atender as solicitudes que se produzan nun período anual dado.

Malia o anterior, as solicitudes e mailos recursos estimados de anos anteriores que non se poidan conceder por insuficiencia orzamentaria, atenderanse con cargo á convocatoria do ano seguinte de se producir.

7. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

Artigo 8º.-Resolución e recursos.

1. O director xeral de Conservación da Natureza, á vista das propostas formuladas, resolverá expresa e motivadamente o que en dereito corresponda sobre a denegación ou concesión da subvención compensatoria.

2. O prazo máximo para resolver será de catro meses desde a presentación da solicitude polo interesado no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o prazo máximo para resolver e notificar sen que o interesado recibise comunicación expresa da resolución, deberanse ter en conta os efectos previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo da obriga de resolver expresamente as devanditas solicitudes, de conformidade co previsto no artigo 42 desta lei.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no punto 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnalala directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución for expresa, ou tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, de acordo co disposto nos artigos 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e 46 da Lei 26/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4. Así mesmo, as resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro Público de Subvencións dependente da Consellería de Economía e Facenda co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencional en Galicia. Os datos incorporados a el poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado. No suposto de que a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas segundo a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, este poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos.

Artigo 9º.-Crédito.

No exercicio de 2009, as axudas que se concedan con cargo a esta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.541-B. 470.1, código de proxecto 2007 00 617, ata un importe máximo de cento vinte e catro mil trescentos euros (124.300 €). Esta dotación inicial poderá incrementarse en proporción ao número de solicitudes e ás disponibilidades orzamentarias, con cargo ás mesmas aplicacións e nas condicións previstas no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, o pagamento das axudas queda condicionado á existencia de crédito orzamentario.

Artigo 10º.-Compatibilidade.

1. Estas axudas son incompatibles coas que se soliciten polos mesmos feitos en parques naturais dependentes desta Administración autonómica.

2. Así mesmo, estas axudas serán incompatibles coas cantidades percibidas en concepto de indemnización polos mesmos danos derivadas dun expediente de responsabilidade patrimonial.

Artigo 11º.-Reintegro.

1. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos casos e termos previstos no artigo 33 da mesma lei.

2. Tamén procederá o reintegro do importe das axudas concedidas ao agricultor afectado polos danos do xabaril dos cales obtivese compensación por parte dos titulares dos terreos cinexéticos, en aplicación do artigo 23 da vixente Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

Artigo 12º.-Disposicións xerais.

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Canto ao procedemento a seguir para estes efectos, será o establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Os beneficiarios están obrigados a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles solicite calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Así mesmo, e segundo o establecido no artigo 15.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, o beneficiario deberá incluír necesariamente no momento do pagamento unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, das distintas administracións públi-

cas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes no modelo que se xunta como anexo IV a esta orde.

5. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza ordenará, a través da páxina web da consellería, nos termos establecidos no artigo 13 puntos 3º e 4º, da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a relación das axudas concedidas e denegadas, e tamén as sancións que se puideren impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

*Disposición adicional**Única.-Delegación de funcións.*

Delégase no director xeral de Conservación da Natureza o exercicio da competencia para conceder ou denegar as axudas obxecto desta orde, contida no seu artigo 8.1º, de acordo co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria

Única.-Todas as solicitudes correspondentes a danos de xabaril producidos ata o 1 de outubro de 2008, referidas á convocatoria da Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril e se convocan para o ano 2008, que cumprisen os requisitos establecidos nela e que non puidesen ser tramitadas por insuficiencia de crédito nos orzamentos correspondentes ao ano 2008, serán atendidas con cargo aos orzamentos do ano 2009, sen necesidade de formular unha nova solicitude, agás que os beneficiarios manifesten por escrito a súa negativa á dita tramitación.

*Disposicións derradeiras**Primeira.-Desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta orde.

Así mesmo, facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para que, por resolución, introduza novas especies cultivadas no anexo I a esta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2009.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO II

PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS PARA PALIAR OS DANOS PRODUCIDOS POLO XABARÍL NOS CULTIVOS	CÓDIGO DEL PROCEDEMENTO MA719E	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

DON./DONA			NIF		
ACTUANDO COMO			PROVINCIA	CONCELLO	CIF
ENDEREZO					
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX		
CÓDIGO DE EXPLOTACION AGRARIA (CEA)			CORREO ELECTRÓNICO		

DANOS RECLAMADOS

CÓDIGO DA DENUNCIA	DATA DO DANO	CULTIVO AFECTADO	DATA PREVISTA COLLEITA	CODIGO DE IDENTIFICACIÓN SIXPAC DAS PARCELA (S)						
				Prov.	Conc.	Agr.	Z.	Pol.	Parc.	Rec.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

Folla de

- SÓ NO CASO DE NON ESTAR INSCRITO NO REGISTRO DE EXPLOTACIÓN S PRIORITARIAS, FOTOCOPIA COTEXADA DA DECLARACIÓN DO IRPF DO ÚLTIMO EXERCICIO.
- FOTOCOPIA DO CIF/NIF DO TITULAR.
- FICHA PARA A TRANSFERENCIA BANCARIA NO MODELO QUE SE XUNTA COMO ANEXO A ESTA ORDE.
- SE O TITULAR FOR UNHA PERSOA XURÍDICA, ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE DESTA POLO QUE SE APROBOU A SOLICITUDE DESTA AXUDA.
- CANDO SE ACTÚE NO NOME DOUTRA PERSOA, FÍSICA OU XURÍDICA, ASÍ COMO DUNHA COMUNIDADE DE BENS, DEBERASE ACREDITAR A REPRESENTACIÓN CON QUE SE ACTÚA.
- DECLARACIÓN DO TÍTULO XURÍDICO QUE TEN PARA A UTILIZACIÓN DO TERREO EN QUE SE PRODUCIRON OS DANOS.
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DAS SOLICITUDES DE AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO FIN, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN S PÚBLICAS.
- OUTROS:

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á Consellería para que, de acordo co establecido nos números 3 e 4 do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril, e se convocan para o ano 2009.

SINTURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de 20

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	____/____/____
	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____

Servizo de Conservación da Natureza. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Praza Luis Seoane, s/n 5ª
15008 A CoruñaRolda da Muralla, 70-1ª
27002 LugoRúa do Paseo, 18
32003 OurenseRúa Benito Corbal, 47-5ª
36071 Pontevedra

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O ANEXO II

DATOS DO SOLICITANTE

- O código de explotación agraria CEA é imprescindible para que a Administración poida comprobar posteriormente se a explotación está inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias Prioritarias.

DANOS RECLAMADOS

- A lista de danos reclamados debe incluír todas as chamadas, identificadas polo código de denuncia, e para cada unha delas, todas as leiras afectadas polo dano coas súas características.
- Na columna de cultivo afectado, utilizarase a codificación detallada no anexo I. En caso de haber máis dun cultivo afectado na mesma parcela, detallarase en varios rexistros sucesivos.
- Cada parcela virá identificada pola súa clave Sixpac:
 - Provincia
 - Concello
 - Agrupación (opcional)
 - Zona (opcional)
 - Polígono
 - Parcela
 - Recinto
- No caso de que non chegue o formulario para incluír todas as parcelas danadas, entregarase unha nova folla de anexo II que inclúa o resto das denuncias, indicándoo ao pé das táboas anteriores.

ANEXO III

EXPEDIENTE

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

DATOS DO/DA SOLICITANTE

TITULAR DA CONTA		DNI / CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DC	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CERTIFICO

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

, de de 20

SINATURA DO SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

ANEXO IV

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS SOLICITADAS

D/Dª. con NIF ,
 no seu nome ou en representación da entidade ,
 con CIF e enderezo en

DECLARA

- Que non solicitou e non se lle concederon axudas para esta finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.
- Que solicitou e se lle concederon (ou se está pendente de resolución de concesión) axudas para esta finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas como se indica a seguir:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		IMPORTE
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

⁽¹⁾ No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. En caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA.

, de de

(Sinatura do/a representante da entidade solicitante)

Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para o ano 2009 do réxime de concesión de subvencións a empresas que realicen investimentos encamiñados á prevención e redución da contaminación a través de melloras tecnolóxicas aplicadas a procesos, cambios nas materias primas e/ou produtos, así como á reutilización ou valorización non enerxética.

O desenvolvemento sustentable é o piar sobre o que se ten que levar a cabo calquera iniciativa.

O sexto programa da Unión Europea en materia de ambiente ten como título: Ambiente 2010: o futuro está nas nosas mans; a liña estratéxica que define para cumprir os obxectivos propostos nel, indica que para poder resolver os problemas ecolóxicos actuais cómpre superar a concepción exclusivamente lexislativa e adoptar un enfoque estratéxico para inducir os cambios necesarios nos modelos de produción e consumo.

Conforme cos criterios establecidos neste programa débese impulsar o desenvolvemento dun mercado máis respectuoso co noso ambiente para que as empresas situadas no territorio de Galicia, que cumpren coas normas ambientais, co obxectivo de protexer e mellorar a calidade ambiental, respondan con innovacións tecnolóxicas e de xestión que estimularán o crecemento, a competitividade, a rendibilidade e a creación de emprego.

Dispónse de instrumentos e medidas para influír sobre as decisións que toman as empresas, impul-

sando o establecemento de actuacións para minimizar e reducir as emisións das instalacións industriais na atmosfera, a auga e o solo que permite alcanzar un maior nivel de protección do ambiente, considerado no seu conxunto, e en particular en Galicia.

Para a consecución destes obxectivos ambientais, tendo como base a experiencia de anos anteriores, e para promover a utilización das mellores técnicas dispoñibles, a Administración autonómica de Galicia, no ámbito das súas competencias, pode establecer instrumentos de carácter económico e medidas de incentivos.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pola que se regula o réxime xurídico xeral de subvencións outorgadas polas administracións pública, establece uns preceptos básicos nesta materia.

Pola súa parte, a Lei 9/2007, do 17 de xuño, de subvencións de Galicia, co fin de establecer unha regulación coherente coas peculiaridades da organización da comunidade e dos seus mecanismos de financiamento, e ao abeiro da regulación establecida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, regula o réxime xurídico propio das subvencións cuxo establecemento e xestión corresponde á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, organismos e demais entidades vinculadas ou dependentes desta, así como as entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e entidades dependentes dela.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, consciente da importancia que supoñen as melloras ambientais ás empresas galegas que realicen investimentos encamiñados á prevención e

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Corrección de erros.-Orde do 27 de febreiro 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril e se convócan para o ano 2009.

Advertidos erros na mencionada orde, publicada no DOG nº 50 do 12 de marzo de 2009, procede realzar as seguintes correccións:

1ª. Publícase o anexo I, que foi omitido.

2ª. Na páxina 5.250, no anexo II, onde di: «Rúa Benito Corbal, 47-5º, 36071 Pontevedra.», debe dicir: «Avda. Fernández Ladreda, 43, 36003 Pontevedra».

ANEXO

Baremo utilizado para o pagamento de axudas para paliar os danos producidos polo xabaril en cultivos

Tipo de cultivo		Importe por m ²
Cód.	Descrición	
MIG	Millo en gran	0,13 €/m ²
MIF	Millo forraxeiro	0,12 €/m ²
TRI	Trigo	0,10 €/m ²
CEN	Centeo	0,10 €/m ²
PRA	Pradaría	0,10 €/m ²
PAT	Pataca	0,40 €/m ²
HO1	Hortalizas 1 (cenoria, repolo e nabo)	0,60 €/m ²
HO2	Hortalizas 2 (coliflor, tomate, berenxena, cabaciña, cebola, feixón verde, leituga, pemento e porro)	1,60 €/m ²
VID	Uva	0,52 €/m ²

Resolución do 26 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración suscritos por esta consellería no último cuadrimestre de 2008.

O artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño) dispón que cada consellería da Xunta de Galicia publicará no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración suscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga, por medio desta resolución publícase a relación dos convenios suscritos pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no

último cuadrimestre do ano 2008, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2009.

Jorge A. Santiso Blanco
Secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

ANEXO

Convenios de colaboración suscritos pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no último cuadrimestre do ano 2008

Convenio	Data sinatura	Importe (i)
Convenio co Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas para participación na aplicación de medidas ambientais.	19-9-2008	100.000
Convenio co Concello de Navia de Suarna para dotación de medios de recollida de residuos sólidos urbanos.	8-9-2008	111.991
Convenio co Concello de Mondariz para acondicionamento do contorno dos ríos Tea, Aboal e Alén.	8-9-2008	119.998,17
Convenio co Concello de Pontearreas para recuperación ambiental da área recreativa da Freixa e senda do río Tea.	8-9-2008	99.998,10
Convenio co concello do Rosal para adecuación ambiental do contorno do río Tamuxe.	8-9-2008	137.999,97
Convenio co Concello de Arteixo para recuperación ambiental de Os Boedos no río Sisalde.	8-9-2008	110.003,59
Convenio co concello da Laracha para mellora da área recreativa de Gabenlle.	8-9-2008	149.999,99
Convenio co Concello de Maside para intervención ambiental no espazo natural do Puzo do Lago.	8-9-2008	102.321,93
Convenio co Concello de Rianxo para acondicionamento do contorno natural do curso medio do río Té.	8-9-2008	145.708,40
Convenio co Concello de Salceda de Caselas para actuacións nas Gándaras de Budiño.	8-9-2008	99.769,48
Convenio co Concello de Cortegada para realización de actividades ambientais.	8-9-2008	149.728,40
Convenio co Concello de Mesía para dotación de medios de conservación e mantemento de espazos naturais.	8-9-2008	90.000
Convenio co Concello de Paderne para dotación de medios de conservación e mantemento de espazos naturais.	8-9-2008	85.000
Convenio co concello da Veiga para restauración ambiental do contorno do centro de saúde.	8-9-2008	45.100
Convenio co Concello de Ribadavia para dotación á parroquia de Francelos dunha zona verde.	18-9-2008	225.000
Convenio co Concello de San Xoán de Río para dotación de medios de conservación e mantemento de espazos naturais.	25-9-2008	45.000
Convenio coa Asociación ÁMBAR para a realización dun programa piloto de recollida de aceites de uso doméstico e comunitario.	25-9-2008	30.000
Convenio co Concello de Ribeira de Piquín para acondicionamento da praia fluvial de Chao de Pousadoiro.	13-11-2008	149.756
Convenio con Unións Agrarias para participación na aplicación de medidas ambientais.	19-9-2008	100.000
Convenio con Xóvenes Agricultores para participación na aplicación de medidas ambientais.	19-9-2008	100.000
Convenio co Concello de Negreira para realización dun paseo fluvial nas marxes do río Barcala.	31-10-2008	254.811,83
Convenio co Concello de Portomarín para mellora dos accesos ao encoro de Belesar.	10-11-2008	121.580
Convenio co Concello de Chantada para ampliación e mellora da área recreativa do Castro de San Amaro.	1-12-2008	150.000
Convenio co Concello de Sarria para ampliación da ruta de sendeirismo das Aceas.	1-12-2008	200.000,01